



D. XOSÉ MANUEL LORENZO PENELA, SECRETARIO ACCIDENTAL DA MANOCMUNIDADE DA
ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno desta Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo,
celebrada o pasado día 23 de xuño de 2008 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3. ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO CONCURSO ABERTO DO SISTEMA DE
INFORMACIÓN MULTIPLATAFORMA DO SISTEMA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.

Toma a palabra a xerente da Maiv, Doa Erika Jaraiz Gulías, para expor as actas
levantadas pola Mesa de Contratación:

1. Na primeira reunión da Mesa celebrada o día 22 de maio procedéronse a
relacionar as propostas presentadas e a clasificar a documentación
administrativa co seguinte resultado:

As propostas presentadas foro nas seguintes:

- Sivsa Soluciones Informáticas S.A.
- Altia Consultores S.L.
- Satec Sistema Avanzados de Tecnología S.A.
- Fujitsu Services S.A.
- Level Telecom S.L.
- Coremain S.L.U.,

Polo que respecta a documentación administrativa, todas as empresas
presentaron a documentación precisa, non habendo rexeites.



2. Na seguinte reunión da mesa de contratación celebrada o día 28 de maio procedeuse a apertura das ofertas económicas e da documentación técnica co seguinte resultado:

- Sivsa Soluciones Informáticas S.A.:130.000,00 €
- Altia Consultores S.L.:130.000,00 €
- Satec Sistema Avanzados de Tecnología S.A.:130.000,01 €
- Fujitsu Services S.A.: 130.000,00 €
- Level Telecom S.L.:130.000,01 €
- Coremain S.L.U.: 128.660,76 €

A documentación técnica é correcta, pasando a avaliar os criterios de adxudicación determinando que para avaliar correctamente as memorias técnicas presentadas é preciso contar con informes técnicos que se lle solicitarán aos técnicos da MAIV, Doa Ana Santorum, Responsable do Proxecto de Información Turística e Doa Magoya Méndez, Directora Administrativa.

3. O día 6 de xuño de 2008 reúnese de novo a Mesa de Contratación para avaliar os informes técnicos co seguinte resultado:

Empresa	Puntaxe
SATEC, Sistemas Avanzados de Tecnología SA	45
SIVSA, Soluciones Informáticas SA	60
Fujitsu Services SA	65
Altia Consultores SL	75
Level Telecom SL	78,98
Coremain SLU	92

Por todo o anterior, a mesa **propón** ao órgano de contratación que se adxudique o contrato do servizo da elaboración do sistema de información multiplataforma do Sistema de Información Turística da MAIV a Coremain SLU por un importe de 128.660,76 €.



Unha vez expostas as actas e informes aportados pola Mesa de Contratación, procédese a someter a votación a proposta de adjudicación do contrato de servizo para a elaboración do sistema de información multiplataforma do sistema de información turística da Maiv por un importe de 128.660,76 € a empresa Coremain S.L.U., sendo aprobada por unanimidade.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente de orden e co visto e prace do Sr. Presidente da Maiv, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Vigo a 26 de xuño de 2008.-

Visto e prace.

O Presidente,



Asdo. Abel Caballero Alvarez